

VATTIMO, Gianni: *Vocación y responsabilidad del filósofo*, trad. cast. Antoni Martínez Riu, Herder Editorial, col. Pensamiento Herder, Barcelona, 2012, 140p.

Con prólogo do propio Gianni Vattimo, e introdución de F. D'Agostini («Dialéctica, diferencia, hermenéutica, nihilismo: las razones fuertes del pensamiento débil»), preséntase en castelán un libro útil no debate actual sobre o papel dos filósofos e filósofas nas sociedades democráticas avanzadas, e a función da filosofía no cada vez máis amplo espectro de coñecementos humanos. A postura de Vattimo en defensa da filosofía é razoada, argumentada dentro do paradigma hermenéutico que practica. Ao longo de todo o libro, sobre todo no último capítulo, revelador para un lector non habitual de Vattimo, postúlese unha práctica filosófica que amalgame profesionalidade, coñecementos e vocación de servizo ás persoas.

No capítulo «Filosofía y ciencia» Vattimo aclara que para el a filosofía non ten unha función subsidiaria con relación á ciencia nin tampouco ningún vínculo privilexiado coas ciencias (naturais, exactas, do espírito). Segundo el, o que confirma que a filosofía non é, nin pode ser, unha ciencia de tipo «crítico» é a crise provocada no kantismo pola antropoloxía cultural, e o peche en falso (por falta de autoverificación final da razón) da hegeliana historia do espírito. Xa que logo, se a filosofía non é ciencia do ser en canto ser (ciencia dos primeiros principios), crítica da razón (das estruturas transcendentais da razón), epistemoloxía transcendental: que é? En opinión de Vattimo, se non se quere dar cabida a unha especie de puro relativismo e, por outra parte, se elimina de Hegel o ideal do final absoluto (a perfecta auconsciencia), só pode recorrerse á idea da diferenza ontolóxica como principio de movemento. Isto significa, en primeiro lugar, que no caso da política aceptamos un acordo en lugar da defensa inmediata dos nosos intereses: pasamos ao contrato social, que é un modo de transcender o inmediato do ente, cara algo distinto (polo tanto xa non o *homo homini lupus*, senón a autoridade do outro delegada colectivamente, ou ben unha autoridade colectiva). En segundo lugar, no caso da ética significa que transcendemos os impulsos inmediatos: supervivencia, interese, dominio sobre os demais, avidez subxectiva. En último lugar, no caso da ciencia representa ás estruturas matemáticas, de entidades repetibles, moi pouco ligadas á presenza *hic et nunc* das cousas. Polo tanto, desde unha ontoloxía filosófica persoal, Vattimo asume unha perspectiva «non absolutista»: a

---

Recibido: 17/09/2013. Aceptado: 09/12/2013.

verdade é sempre a verdade que tivo en conta todas as obxeccións e, dalgún xeito, resolveunas ou asumíunas. A proposta de Vattimo ao desafío de considerar a filosofía como unha «non ciencia» é estimar que a filosofía é máis un discurso edificante que un discurso demostrativo: oriéntase máis á edificación da humanidade que ao desenvolvemento do saber e ao progreso dos coñecementos. Edificante non significa antiteórica. Mais ben alude a que o seu obxectivo único, principal, non é o progreso dos coñecementos na edificación dun mesmo e da humanidade. O edificante é o terrible e, tamén, en certas condicións, o sublime (a percepción da propia finitude), mais, ao mesmo tempo, o que mellora e constrúe. Isto achégase a unha concepción que, segundo el, algúns desprezan: a filosofía como edificación ensaística. Vattimo estima que este ensaísmo é mostra da unión da filosofía coa construción razoable da intersubxectividade, responsabilidade do filósofo.

O capítulo «Filosofía, historia, literatura» principia coa afirmación de que a verdade non é un problema de ciencia política, nin unha cuestión de demostración científica: é de persuasión. Os argumentos filosóficos son *ad homines* non *ad hominem*: a verdade é persuasión en relación a e xunto cunha colectividade. Non a persuasión da que un se pode servir para enganar, mentir, falsear. De aquí deriva a relación da filosofía coa súa historia: non se relaciona co seu pasado como algo perdido, ou unha base definitivamente comprobada, senón como un conxunto de posibilidades que se ofrecen, sempre de novo, para ser interpretadas. Se o ser é «evento» entón o ser mesmo é historia, tempo, suceder. A historia é propia dos entes, mais, paradoxalmente, un exceso de atención sobre eles conduce á súa consideración intemporal, á intemporalidade propia da ciencia. Dito outramente: a historicidade non ameaza a visión do ser. Isto tradúcese na cuestión do método: a hermenéutica da filosofía.

No espazo-tempo no que se cumpriu o anuncio nietzscheano da morte de deus, o mundo da ciencia e a técnica ábrese ao do xogo das interpretacións, que se presenta filosoficamente, á súa vez, como unha interpretación. A filosofía nace do perenne conflito ou xogo das interpretacións, mais non pode consistir en adoptar unha mirada *from nowhere* cara tal xogo ou conflito. Tampouco pode consistir nunha forma de práctica artístico-literaria. Non é posible asimilar filosofía e literatura, nin é aceptable o esteticismo en filosofía. A premisa da hermenéutica, da que non é posible fuxir, é que non hai só unha situación que o discurso describe como se fora un espello externo á situación mesma, senón que hai unha situación composta pola situación e a súa descrición e interpretación, e así sucesivamente. A incompletude é o disolvente de calquera interpretación definitiva. Noutras palabras: a auconsciencia nunca é unha descrición adecuada porque sempre está comprendida dentro do xogo.

Segundo Vattimo, só a noción hermenéutica de interpretación ten isto en conta, mentres que as outras posturas filosóficas esfórzanse por traducir todo en termos descritivos e obxectivos, deixando escapar as cousas ou rexeitando velas. Aquí xorde a súa consideración das ciencias: a obxectividade dificilmente pode separarse da dispoñibilidade de criterios para verificar, dispoñibilidade que é o que atinxe, especificamente, ao discurso filosófico. É unha cuestión de segundo nivel. Xa que logo, a filosofía é a autoconsciencia da metalinguaxe en cuxo interior todas as linguaxes específicas se sitúan, definen a súa estabilidade e ocasionalmente sofren transformacións.

O capítulo «Lóxica en filosofía» expón o encaixe da lóxica na concepción hermenéutica da filosofía. Vattimo entende por lóxica o modo como pensamos a verdade e co que exercemos o pensamento, e o discurso, en condicións histórico-lingüísticas determinadas. Lóxica é ciencia do *logos*, reflexión sobre os modos de pensamento aceptados en cada unha das aperturas históricas do ser, que son os horizontes de verdade ou falsidade dunha cultura. Neste sentido, a concepción da verdade como persuasión, e a conexión entre verdade e historia do ser, non invalida a existencia e necesidade da lóxica. A lóxica é unha parte da ontoloxía da actualidade que actúa dentro dela como un continuo esclarecemento relativizante dos criterios de verdade utilizables (nun momento histórico dado), como unha sospeita constitutiva que practica un ser botado dentro un horizonte de verdade ou falsidade (no que se encontra un repertorio de criterios de verdade e falsidade que foxen do seu control). A lóxica actual ofrece sistemas formais que forman parte dunha época do ser interesante para Vattimo, mais só na medida en que pode poñelos en relación co ser sobre a base da linguaxe natural. Vattimo prefere a lóxica que mellor conduza á conciencia dunha pluralidade das lóxicas, á conciencia de estar nunha época, nun mundo no que se prevé unha pluralidade de lóxicas. O discurso que abranque este tipo ontoloxía, hermenéutica, lóxica, é o preferible, non en absoluto, senón para o ser humano de hoxe.

No capítulo «Decir la verdad», Vattimo explica o fundamento, ético e ontolóxico, do seu proxecto de emancipación a través da verdade. Declárase incapaz de ver a verdade separada da caridade evanxélica. A única emancipación na que pode pensar é nunha verdade eterna na caridade: escoitando ao outro e respondendo ao diálogo cos outros.

Por último, en «Vocación a la filosofía y responsabilidad de la filosofía», Vattimo defende a súa participación filosófica nas distintas esferas do ámbito público, non académico: a presenza da súa sinatura en textos xornalísticos; a escrita en primeira persoa do singular; a participación en política; o compromiso do filósofo coa súa comunidade; a vocación filosófica e o deber de

interpretala desde a experiencia persoal; a fe na construción da universalidade desde unha política democrática que proxecte modificacións culturais e de costumes de longo alcance temporal. O fundamento desta vocación e responsabilidade do filósofo actual, que percorre este capítulo final, e, tamén, todo o libro, é patente para Vattimo: ser filósofo é servir a alguén; sentirse implicado nun programa de emancipación humana; comprometerse cunha profesión educativa (a educación transformadora da humanidade), defender publicamente a súa existencia académica; reivindicar o perfil profesional do filósofo; promover, como profesional da filosofía, a *theoría* nun sentido amplo (ideas, actitudes culturais). Evidentemente, Vattimo non perde de vista, en ningún momento, a súa posición hermenéutica: malia que a filosofía proponse como ideal regulativo a universalidade, é a persoa mortal, unha razón finita, quen fai un discurso para un fragmento finito de mundo, nunha época determinada da historia do ser. Esta é a aposta de Vattimo. Ser cualificada de «pensamento débil», inclusive polo propio Vattimo, dá pé a equívocos e discusións vanas entre lectores non informados. Mais ben habería que dicir que, polo menos neste libro, revélase unha filosofía consciente da situación, época e apertura do ser, isto é, do ser no que pensa e o ser que pensa. Unha filosofía que busca a razoabilidade a partir dunha finitude aceptada, asumida, vivida sen rancor.

MIGUEL ÁNGEL MARTÍNEZ QUINTANAR